

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERÍAS DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL), PARA A DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO EIDO DA VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL, A TRAVÉS DO PROGRAMA *POÑENDO OS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA*, DURANTE OS ANOS 2024, 2025 E 2026

REUNIDOS

Dunha banda,

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do (DOG núm. 73 do 14.04.2024), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda o 8 de abril de 1991. (DOS núm. 82, do 30 de abril).

E, doutra parte, dona Isabel Pece Montenegro, en calidade de representante legal da Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL),



acreditado con poder notarial bastante segundo a escritura da constitución desta entidade, con CIF G27805522 e con domicilio social na rúa Rúa Policarpo Sanz núm. 17, 2º B, 36201 de Vigo. O/A presidente/a, segundo o artigo 21 dos Estatutos da asociación, ostenta a representación da asociación ante calquera Organismo Público.

Todas as partes interveñen no nome e representación dos seus órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas, así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política social e económica, a obriga dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.



Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo aprobadas en virtude da dita competencia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

En concreto, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14. 1. a) e b) do Decreto 139/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, e en concreto, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, e o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Quinto. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidade.

Esta consellería porá a disposición da entidade os centros de ensinanza de tódalas etapas educativas de Galicia nos que se desenvolve o programa *POÑENDO OS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA*.



Sexto. A Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno recoñece o dereito de todos os nenos e nenas a ser protexidos de "toda forma de explotación sexual e abuso sexual". Sen embargo, estímase que 1 de cada 5 nenos e nenas é vítima de explotación ou abuso sexual polo menos unha vez na súa vida, isto inclúe distintos graos de agresión sexual, ademais de pornografía e prostitución.

Segundo a organización "Save The Children", estímase que un 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre abusos sexuais antes dos 17 anos en España.

Ademais hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que cometen as persoas de máis confianza das persoas menores, exercendo un poder que elas non poden controlar, sendo moitas veces inconscientes do que lles está ocorrendo. Con todo, estes feitos velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores así como unha nefasta influencia no seu desenvolvemento evolutivo.

Corresponde aos poderes públicos romper este círculo vicioso e protexer aos nenas e nenos da violencia sexual. Requírense accións apropiadas a nivel legislativo, administrativo e político. Resolto a contribuír de maneira efectiva á meta común de protexer ás nenas e aos nenos e de proporcionar apoio ás vítimas, o Consello de Europa redactou o Convenio do 25 de outubro de 2007 para a protección dos nenos contra a explotación sexual e o abuso sexual (Convenio de Lanzarote), ratificado por España o 1 de decembro de 2010.

Este instrumento de gran alcance é o primeiro tratado internacional que esixe medidas legislativas de carácter penal na materia, inclusive para os abusos cometidos dentro do propio fogar ou a familia. A este respecto, o Convenio pecha as lagoas na lexislación europea e é un excelente recurso con miras a harmonizar de maneira eficiente a lexislación nacional.

O punto central do dito Convenio é a protección das nenas e dos nenos, céntrase na súa totalidade nos seus dereitos, asegura o seu benestar, da prioridade ás súas necesidades, considera as súas perspectivas e actúa a favor do interese superior da persoa menor.



O 29 de novembro do ano 2010 o Consello de Europa inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil "Un de cada Cinco", que persegue os seguintes obxectivos:

- Promover a sinatura, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual.
- Proporcionar ás nenas, aos nenos, ás súas familias e coidadores e á sociedade, coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e, deste modo, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.
- Acadar que todos os sectores, ámbitos e axentes directa e indirectamente relacionados coa atención a nenos, nenas e adolescentes se involucren na prevención do abuso sexual contra persoas menores de idade, creando unha rede de prevención.

En España a Campaña está a ser coordinada pola Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI) coa colaboración do Ministerio de Sanidade.

Septimo. A Asociación "ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL)" foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos (sanidade, educación, servizos sociais, xustiza...) da Comunidade Autónoma de Galicia. É unha asociación sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable.

Nos seus estatutos contéplase entre os seus fins a sensibilización, información, asesoramento e promoción sobre o maltrato infantil.

A Asociación "ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL)", está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con



número de rexistro E6219, desde o 22/07/2015, como asociación de iniciativa social.

Ademais, a asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevención dos Maltrato Infantil (FAPMI).

Esta entidade é titular do Programa “Poñendo as lentes para a protección da infancia”. Trátase dun proxecto de difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia “Un de Cada Cinco”.

Oitavo. Entre os principios reitores dos poderes públicos de Galicia o artigo 38 da Lei 3/2011, do 30 xuño, recolle o fomento da solidariedade e a sensibilidade social ante as dificultades que afecten á infancia e á adolescencia, ao obxecto de previr a marxinación e a explotación infantil, así como calquera manifestación de abuso, acoso e maltrato físico, psíquico ou emocional, e impulsar o papel da sociedade civil na defensa dos dereitos e liberdades das e dos menores.

No mes de novembro de 2014 a Xunta de Galicia adheriuse formalmente á Campaña *1 de cada 5*, o que supón un apoio das diferentes áreas de atención social, educativa, sanitaria, xudicial ou de seguridade ás nenas e nenos vítimas de agresión sexual.

Noveno. Todas as partes expresan a súa vontade de colaborar conxuntamente, dentro do ámbito propio de cada unha delas, en iniciativas e accións de interese común.

É desexo de todas as entidades subscribir un acordo para difundir a Campaña do Consello de Europa “*Un de cada Cinco*” de prevención contra a violencia sexual contra a infancia (VSI) en Galicia, a través do programa *Poñendo os lentes para a protección da infancia*, a fin de concienciar o profesorado e as familias sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade e proporcionar ferramentas de prevención ao profesorado, alumnado e familias.

Décimo. A Consellería de Política Social e Igualdade, así como Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consideran de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe,



sobre todo tendo en conta a especificidade da actividade que se vai financiar, por razón do colectivo ao que vai dirixida e a ausencia no ámbito territorial de entidades que dispoñan de infraestrutura material e dos medios humanos esixibles. Así, considérase idónea á Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias, a organización de xornadas e seminarios, así como na impartición de cursos a diferentes perfís profesionais.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación "Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia. AMINO.Gal", para o contribuír ao financiamento, mediante o outorgamento por parte da Consellería de Política social e Igualdade dunha



subvención de carácter directo, para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do programa “POÑENDO AS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA”, programa que leva a cabo a Asociación AMINO. Gal, para a difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia “UN DE CADA CINCO” en centros de ensinanza, públicos, privados e concertados, de tódalas etapas educativas de Galicia.

O programa “Poñendo as lentes para a protección da Infancia” ten como obxectivo concienciar e sensibilizar aos profesionais do ámbito educativo sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade, proporcionarlles as ferramentas de prevención e detección do abuso sexual infantil e promover un contexto social de rexeitamento e unha adecuada resposta ante calquera forma de violencia sexual contra a infancia.

SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS DO PROGRAMA

As persoas destinatarias do programa son:

- Persoas destinatarias directas:

Profesionais do ensino público, privado ou concertado, de tódalas etapas educativas de Galicia. Nesta edición ampliáanse os destinatarios aos mestres/as de educación infantil (0-3), profesorado de ESO e Bacharelato. Continuase ofrecendo a difusión e sensibilización aos centros de Educación Infantil e Primaria.

- Persoas destinatarias-indirectas:

Os nenos, nenas e adolescentes de Galicia e as súas familias que se benefician da difusión e sensibilización dos seus/súas mestres/as e profesores/as para garantir a súa protección mediante a detección e notificación correcta, ademais de ofrecerlles ferramentas de prevención para poder evitar ou pedir auxilio no caso de ser vítimas de violencia sexual.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

Os obxectivos do programa son:



- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa galega sobre a violencia sexual contra a infancia na nosa sociedade.
- Proporcionar aos docentes de toda Galicia ferramentas de prevención e detección do abuso sexual cara a infancia.
- Transmitirlles a estes docentes ferramentas de actuación ante unha sospeita de Violencia Sexual Infantil (en adiante VSI).

As actividades que se desenvolven para a execución do programa, por parte da entidade beneficiaria, son:

a) Contratación do persoal técnico. O equipo de coordinación ocuparase da selección das persoas pertinentes para a execución do programa. Para este proceso seleccionárase, nun primeiro término, a persoal técnico con experiencia no programa ou, de non ser posible, a persoas que tiveran prestado con anterioridade os seus servizos na entidade, con experiencia no eido da violencia cara á infancia.

As zonas de actuación dividiránse en dous tramos:

- Zona norte: provincias da A Coruña e Lugo.
- Zona sur: provincias de Ourense e Pontevedra.

b) Revisión e actualización do material. Modificación da presentación que se utiliza como soporte para as xornadas de difusión e sensibilización, mantendo a estrutura, pero valorando a actualización ou ampliación dos contidos, debido á constante investigación e evolución do material que se utiliza e ao contido do programa :

- Valorarase a introdución de novas ferramentas de prevención para facilitar contidos de fácil introdución nas aulas por parte do profesorado.
- O equipo de coordinación farase cargo desta actualización de contidos, que posteriormente tratará co equipo de técnicos do programa nas reunións de traballo.



- Contacto cos centros educativos. Neste período do programa, cada coordinadora de zona seguirá o seguinte esquema de contacto cos centros:
 - Actualización da base de datos dos centros.
- Creación de correo electrónico informativo, dirixido ao equipo directivo ou equipo de orientación dos centros.
- Contacto telefónico coa persoa responsable do equipo directivo ou equipo de orientación dos centros.
 - Reenvío de información, se fose o caso.
- Calendarización das sesións formativas no aplicativo da entidade, para a súa impartición.
- Sesións de difusión e sensibilización. Impartiranse as xornadas, nunha das dúas modalidades dispoñibles de celebración, presencial ou telemática.
- Recollida de datos. Nesta fase, procederemos á recompilación dos datos necesarios para a elaboración da memoria anual. Para iso utilizaremos a ferramenta dixital creada especificamente para este programa, onde se recolle o número de centros contactados, número de sesións impartidas, número de asistentes, valoración de participación por parte dos técnicos do programa e as enquisas de avaliación da calidade das sesións de difusión e sensibilización.
- Xornada interna. No mes de outubro, podendo modificar o calendario se é preciso,– organizarase unha xornada dirixida ao persoal participante do programa co obxectivo de mantelo actualizado en materia de promoción do bo trato á infancia. Para elo, suxeriranse, por parte das persoas contratadas para a execución do programa, actualización de coñecementos da temática relacionada coa infancia que poidan enriquecer tanto os coñecementos propios, como a información transmitida ós/ás docentes.
- Memoria anual. Ao final do período anual, e coa recadación de datos pertinentes, procederase, por parte do equipo de coordinación, á elaboración dunha memoria de actividades, onde se analicen os datos



obtidos e se avalíen as actuacións para a súa posterior redacción. A memoria remitirase á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente e a súa programación reflíctese no anexo II.

CUARTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN AMINO.GAL

Para poder ser beneficiaria da subvención á Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, e comprométese ademais a:

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- b) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



- d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas cláusulas deste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade——Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ", co seu respectivo logotipo.
- h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- i) Asemade a asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- j) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, previo



requirimento, toda a información necesaria sobre o cumprimento pola asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) das obrigas previstas segundo o programa establecido no Anexo II, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- k) Comprometerse a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente programa, incluído a información en páxinas web.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a entidade beneficiaria da subvención deberá subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

QUINTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

O persoal que a Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) poña a disposición deste programa en ningún caso actuará baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade ou da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e traballadoras e exercerá respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregadora.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, ou a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e



Formación Profesional, polo que non se lle poderá esixir a estas, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA. FINANCIAMENTO, XUSTIFICACIÓN E CONTROL

1. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo total derivado da execución do presente programa que se subvenciona a través deste convenio cunha contía de 193.890,72 €, destinados exclusivamente ás actuacións obxecto do mesmo. Dito importe vén reflectido na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.0, distribuído nas seguintes anualidades:

2024	2025	2026	TOTAL
64.630,24 €	64.630,24 €	64.630,24 €	193.890,72 €

A dita achega económica limitarase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico.

A devandita cantidade destinarase a soportar os gastos que aparecen desagregados no Anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe da partida sinalada, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social e Igualdade realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8



de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

Ano 2024: 64.630,24€

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 51.704,19 € (80% da cantidade subvencionada no 2024), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

De esta cantidade:

- 18.000,00 € serán satisfeitos como anticipo no intre no que se asine o convenio para cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante facturas antes do derradeiro pagamento.

- 33.704,19 €, a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

b) Os 12.926,05€ (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2024.

Ano 2025: 64.630,24€

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 51.704,19 € (80% da cantidade subvencionada no 2025), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

b) Os 12.926,05€ (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2025.

Ano 2026: 64.630,24€

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 51.704,19 € (80% da cantidade subvencionada no 2026), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.



b) Os 12.926,05€ (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2026.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- 1º. Xustificación do gasto.
- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

- a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgara consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
- b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Estes documentos serán



cotexados por parte do órgano encargado do control da documentación presentada, e estampados cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.

- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
3. En canto aos custos salariais, a asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- a) Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
 - b) Recibos de salarios.
 - c) Documentos "Relación Nominal de Traballadores" e "Relación de liquidación de cotizacións" correspondentes ao meses imputados.
 - d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade que se imputará á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico, cando este/a dedica o total da xornada a desenvolver tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarse un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.



A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non gozadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do/a traballador/a titular subvencionaranse os custos que ocasiona o/a traballador/a que substitúe ao traballador ou á traballadora titular.
 - No caso de que non se substitúa o/a traballador/a titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).
4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, á súa verificación a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL), en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:
- a) NIF da entidade.
 - b) DNI ou NIE da persoa representante.
 - c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.



e) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) a presentación dos documentos correspondentes.

5. O prazo máximo de xustificación é o 20 de decembro de cada ano de vixencia do convenio.
6. No caso da xustificación relacionada cos pagos dos salarios do mes de decembro, a presentación de ditos xustificantes poderá facerse durante o mes de xaneiro do ano seguinte.
7. A asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de setembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do terceiro trimestre, unha vez obren no seu poder.

A asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL), no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

8. A Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa subvencionado a



través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social e Igualdade- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> derivada dunha



competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003 do 17 de novembro, da lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no seu caso.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

A Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do programa subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto.

A Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) será cesionaria da información que lle subministren as Consellerías e será responsable



do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A entidade beneficiaria esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario, se fora o caso, que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

OITAVA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e os respectivos suplentes, designados polo titular da dita Consellería .
- Dous representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e os respectivos suplentes, designados polo titular da dita Consellería.
- Dous representantes da Asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) e os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia, designada pola persoa titular da presidencia, que actuará con voz pero sen voto.



Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENO. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

DÉCIMA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se o acto fora expreso, poderá formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer



directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do



exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En canto aos efectos da resolución do convenio estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e data da súa sinatura dixital.



A conselleira de Política Social e Igualdade

A Presidenta de ABUSO Y MALTRATO
INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL)

Fabiola García Martínez
(asinado dixitalmente)

Aida Blanco Arias

O conselleiro de Consellería de Educación, (asinado dixitalmente)
Ciencia, Universidades e Formación
Profesional

Román Rodríguez González
(asinado dixitalmente)



DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DA ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) PARA A DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO EIDO DA VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL				
Partidas	2024	2025	2026	Total
Contratación	53.772,24 €	53.772,24 €	53.772,24 €	161.316,72 €
Difusión e dixitalización	5.850,00 €	5.850,00 €	5.850,00 €	17.550,00 €
Póliza de seguros	520,00 €	520,00 €	520,00 €	1.560,00 €
Xestoría	2.178,00 €	2.178,00 €	2.178,00 €	6.534,00 €
Desprazamentos e axudas de custo	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	4.500,00 €
Liñas telefónicas	410,00 €	410,00 €	410,00 €	1.230,00 €
Custo total	64.630,24 €	64.630,24 €	64.630,24 €	193.890,72 €



ANEXO II**PROGRAMA 2024 – 2026****ÍNDICE****1. MARCO XERAL**

1.1. Presentación

1.2. Contexto

1.3. Descripción do programa

2. PLANTEXAMENTO DO PROGRAMA

2.1. Calendarización

2.2. Actividades

3. METODOLOXÍA

3.1. Recursos

3.2. Contidos do material didáctico

3.3. Avaliación

4. ORZAMENTO**5. Anexos ao programa:**

5.1. ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

5.2. ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSOAS QUE FORMAN O EQUIPO
TÉCNICO DO PROGRAMA

1. MARCO XERAL

1.1 Presentación

A Asociación "Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia" (AMINO.GAL) foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos entre eles, sanidade, educación, servizos sociais ou xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5 dos estatutos contempla que as súas finalidades son:

- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos/ás profesionais sobre o problema dos malos tratos na infancia en todas as súas modalidades.
- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos/ás profesionais relacionados co ámbito da protección infantil sobre a necesidade de fomentar o bo trato á infancia e adolescencia por parte de todos os axentes sociais.
- Formar e asesorar sobre malos tratos infantís, os malos tratos entre iguais e a atención á infancia e adolescencia en situación de risco e/ou desamparo a profesionais e institucións de todo tipo.
- Promover e desenvolver programas de defensa da infancia e adolescencia, tanto a nivel estatal coma no ámbito da cooperación internacional.
- Desenvolver sinerxías con outras asociacións ou institucións.

ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL) é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevención dos Maltrato Infantil (FAPMI).



Dende a súa constitución, o seu traballo desenvólvese principalmente na prevención e asesoramento ás familias, a organización de xornadas e seminarios formativos, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais tanto a nivel particular como a través de programas financiados pola Xunta de Galicia.

1.2 Contexto

Os datos

Partindo dos datos da organización Save the Children, estímase que o 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre violencia sexual antes dos 17 anos en España. Con todo, hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que comenten as persoas de máis confianza dos/as menores, exercendo un poder que eles/elas non poden controlar sendo moitas veces inconscientes do que lles está ocorrendo. Estes feitos, velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores, así como unha nefasta influencia no desenvolvemento evolutivo das/ dos menores.

Non é ata o 1 de xullo de 2010, cando aparecerá o primeiro instrumento internacional de loita directa contra a violencia sexual infantil. É a data na que entra en vigor o Convenio do Consello de Europa para a protección dos menos, nenas e adolescentes (en adiante NNA) contra a explotación e o abuso sexual, máis coñecido como Convenio de Lanzarote.

O Convenio baseado na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, contempla o abuso sexual dos/das NNA como un delito, con independencia de quen sexa o autor/a ou do lugar no que se cometa: no fogar, nunha institución adicada o coidado dos/as menores, a través de redes de crime organizado ou por medio da internet.

É dentro, tamén, do Consello de Europa, o 29 de novembro do ano 2010 cando se inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil “Un de cada Cinco”, que persegue os seguintes obxectivos:



- Promover a sinatura, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos/das nenos/as contra a explotación e o abuso sexual.
- Proporcionar aos nenos e nenas, ás súas familias e coidadores/as, e á sociedade coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os/as NNA e, deste xeito, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.

En España, a Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI), coa colaboración do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, apoian e participan nesta campaña dende os seus inicios.

Faltan profesionais de tódolos ámbitos, sociais, policiais, xudiciais e terapéuticos que estean especializados en como tratar e dirixirse aos/ás menores e ademais, moi especificamente, na terrible problemática da violencia sexual contra a infancia (VSI).

En 2021 apróbase a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (en adiante LOPIVI) como a nova lei de protección do/da menor e, un dos seus obxectivos, tal e como se reflicte no artigo 3, é *"impulsar a detección precoz da violencia sobre a infancia e a adolescencia mediante a formación interdisciplinar, inicial e continua de tódolos/as profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes"*.

1.3 Descrición do programa

O Programa "Poñendo os lentes para a protección da infancia" é un proxecto para a prevención, detección e notificación da violencia sexual contra a infancia e adolescencia nos centros de ensinanza públicos, concertados e privados de Galicia.

Nesta nova edición do programa queremos ampliar as etapas educativas de alcance, dirixíndonos ao profesorado de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Os obxectivos do programa son os seguintes:



- Concienciar e sensibilizar sobre a violencia sexual contra a infancia na nosa sociedade.
- Proporcionar ferramentas de prevención da violencia sexual cara a infancia.
- Proporcionar ferramentas de detección da violencia sexual cara a infancia.
- Transmitir ferramentas de actuación ante unha sospeita de VSI.

Persoas destinatarias

Directas

As/os destinatarias/os directos do Programa serán os profesionais de tódalas etapas educativas de Galicia. Nesta edición ampliaremos os destinatarios aos mestres/as de Educación Infantil (0-3) así coma ó profesorado de ESO e Bacharelato. Igualmente continuaremos ofrecendo a difusión e sensibilización aos centros de Educación Infantil e Primaria. que o soliciten.

Indirectas

Os destinatarios indirectos serán os milleiros de NNA de Galicia e as súas familias que se benefician das xornadas impartidas aos seus/súas mestres/as e profesores/as para garantir a súa protección mediante a detección e notificación correcta, ademais de ofrecerlles ferramentas de prevención para poder evitar ou pedir auxilio no caso de ser vítimas de violencia sexual.

2. PLANIFICACIÓN DO PROGRAMA

2.1 Calendario

Data de inicio: xaneiro de 2024

Data de finalización: decembro de 2026

O proxecto desenvolverase de acordo co cronograma que se resume na Táboa 1.



Actividade anual	xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
Contratación dos técnicos (de ser necesario)												
Revisión e actualización do material												
Contacto e calendario das sesións												
Sesións formativas												
Recollida e clasificación de datos												
Xornada interna												
Elaboración de Memoria												

Táboa 1. Planificación continuación POL

2.2 Actividades

Contratación do equipo técnico

O equipo de coordinación do programa ocuparase da selección das persoas pertinentes para a súa execución. Para este proceso seleccionárase, nun primeiro término, a persoal técnico con experiencia nos contidos do programa ou, de non ser posible, a persoal que prestou os servizos con anterioridade.

O persoal profesional contratarase en calidade de técnicos e ocuparase de impartir os seminarios de difusión e sensibilización. Cando sexa preciso repetirase este proceso de selección. As zonas de actuación dividíranse en dous tramos:

- Zona norte, provincias da Coruña e Lugo
- Zona sur, provincias de Ourense e Pontevedra



Revisión e actualización do material

Modificarase a presentación de powerpoint que se utiliza como soporte para as sesións, mantendo a estrutura, pero valorando a actualización ou ampliación dos contidos. Valorarase, tamén, a introdución de novas ferramentas de prevención para facilitar contidos de fácil introdución nas aulas por parte do profesorado.

Esta actualización de contidos, faranse por cargo do equipo de coordinación, que posteriormente tratará co equipo técnico en reunións de traballo.

Contacto cos centros educativos

Neste período do programa, contactarase cos diferentes centros educativos de Galicia especificados no punto 1.3.

Cada coordinadora de zona seguirá o seguinte esquema de contacto con centros:

- Actualización da base de datos dos centros.
- Creación de correo electrónico informativo, dirixido ao equipo directivo ou equipo de orientación dos centros.
- Contacto telefónico coa persoa responsable do equipo directivo ou equipo de orientación dos centros.
- Reenvío de información, se fose preciso.
- Calendario das sesións formativas no aplicativo da entidade, para a saber cando se van impartir.

Sesións formativas

Impartiranse as xornadas, nunha das dúas modalidades dispoñibles de celebración, presencial ou telemática. Para favorecer a execución do programa, pedirase como condición na modalidade presencial un mínimo de 12 asistentes.

No caso de chegar a esa cantidade de profesionais, o centro cederá as súas instalacións para a celebración da xornada.



No caso de realizarse de xeito telemático, o número de asistentes mínimo poderá ser inferior. Estas xornadas serán a través da aplicación Zoom, cun enlace facilitado pola entidade. Pedirase aos centros que dispoñan de ordenadores con sistema de son para poder visualizalas.

O contido dos seminarios será adaptado a cada etapa educativa:

Recollida de datos

Nesta fase, procederase á recompilación dos datos necesarios para a elaboración da memoria anual. Para iso utilizaremos a ferramenta dixital creada especificamente para este programa, onde se recolle o número de centros contactados, número de sesións impartidas, número de asistentes, valoración de participación por parte das persoas técnicas e as enquisas de avaliación da calidade das sesións.

Xornada interna

No mes de outubro, podendo mudar o calendario se fora é preciso, organizarase unha xornada dirixida ao persoal participante do programa co obxectivo de mantelo actualizado en materia de promoción do bo trato á infancia. Para elo, suxeriranse, por parte das persoas contratadas, actualización de coñecementos da temática relacionada coa infancia que poidan enriquecer tanto os coñecementos propios, como a información transmitida ós/ás docentes participantes no programa.

Memoria anual

Ao final do período anual, e coa recadación de datos pertinentes, procederase, por parte do equipo de coordinación, á elaboración dunha memoria de actividades, onde se analicen os datos obtidos e se avalíen as actuacións para a súa posterior redacción. A memoria remitirase á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

3. METODOLOXÍA

3.1 Recursos



a) Recursos humanos

- **Coordinación:** Preferentemente cubriranse os postos nas zonas determinadas (norte e sur), coa contratación dunha persoa en cada unha delas por un total de 40 horas semanais.

Funcións

- Seleccionar persoal técnico.
- Coordinar e supervisar o grupo de traballo.
- Contactar cos centros educativos.
- Impartir sesións formativas nos centros educativos.
- Avaliar o programa.
- Realizar memorias e documentación relativa ao programa.

- **Persoal Técnico do programa** Cubrirán a zona norte e sur cunha xornada total de 20 horas semanais.

Funcións

- Impartir sesións formativas nos centros educativos ou de maneira telemática.
- Reportar calquera incidencia ás coordinadoras.
- Rexistrar información sobre cada sesión formativa.

b) Recursos materiais

- Infraestruturas: Centros educativos da comunidade autónoma de Galicia onde se realicen os seminarios presenciais.



- Material informático: Ordenadores, proxector, teléfonos, dispositivos de almacenamento de memoria...
- Material didáctico.
- Material de oficina funxible e non funxible.
- Material virtual: páxina web, plataforma de coordinación Material bibliográfico.

3.2 Contidos do material didáctico

O contido dos seminarios será o seguinte, adaptado a cada etapa educativa:

1. Introducción: Definición e tipoloxía. Definiranse os distintos tipos de violencia existente, centrándose na VSI.
2. Mitos e realidades. Formularanse diferentes enunciados relacionados cos datos sobre VSI.
3. Características da persoa agresora e vítima. Se describirán as características dos diferentes axentes implicados na VSI.
4. Indicadores de detección. Expoñeranse os sinais que debemos coñecer para detectar un caso de VSI.
5. Ferramentas de prevención. Facilitaranse diferentes ferramentas adaptadas a cada etapa educativa para combater dun xeito pedagóxico a VSI.
6. Como actuar cos NNA, coas familias e na entidade/centro. Daranse pautas de actuación para favorecer a protección dos/as menores vítimas e evitar a súa re victimización.
7. Notificación e emprego do Rexistro Unificado de Servizos Sociais sobre Violencia contra a infancia (en adiante, RUSSVI). Se indicará como realizar un informe de notificación e a quen se debe dirixir, así como a utilización da ferramenta de rexistro RUSSVI.



A presentación destes contidos realizarase a través dunha presentación de powerpoint, que será visualizada, no caso dos seminarios presenciais, a través dos equipos do propio centro, e no caso dos seminarios online, a través dos dispositivos da asociación ABUSO Y MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL)

3.3 Avaliación

Durante todo o período de execución do programa, levarase a cabo unha avaliación continua do mesmo en base a indicadores cuantitativos e cualitativos mediante enquisas que se enviarán ás persoas de contacto de cada centro a través dun enlace e que serán respondidas polos profesionais que participen nas sesións formativas.

Ademais, o persoal técnico levará un rexistro diario a través dunha plataforma web na que se indicará o nome do centro onde se fixo o seminario, o formato do mesmo (presencial ou online), a data, número de asistentes e o interese e participación.

Realizarase unha avaliación final, analizando tódolos datos para saber se o programa foi positivo e coñecer a intencionalidade por parte do profesorado de poñer en práctica os materiais presentados.

Indicadores cuantitativos

- Número de centros educativos contactados.
- Número de centros educativos participantes.
- Número de profesionais que asisten ás charlas formativas.
- Número de profesionais que pensan poñer en práctica o material nas aulas.

Indicadores cualitativos

- Enquisa de coñecementos previo da xornada dirixido ó profesorado para analizar o grao de coñecemento previo da mesma e da problemática que analiza (ANEXO I)
- Follas de satisfacción ou valoración dos técnicos que presentan a campaña nos colexios



4. ORZAMENTO

Partidas	2024	2025	2026	Total
Contratación	53.772,24 €	53.772,24 €	53.772,24 €	161.316,72 €
Difusión e dixitalización	5.850,00 €	5.850,00 €	5.850,00 €	17.550,00 €
Póliza de seguros	520,00 €	520,00 €	520,00 €	1.560,00 €
Xestoría	2.178,00 €	2.178,00 €	2.178,00 €	6.534,00 €
Desprazamentos e axudas de custo	1.500,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €	4.500,00 €
Liñas telefónicas	410,00 €	410,00 €	410,00 €	1.230,00 €
Xornadas a técnicos	400,00 €	400,00 €	400,00 €	1.200,00 €
Custo total	64.630,24 €	64.630,24 €	64.630,24 €	193.890,72 €

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complt.	Seguridade Social	Total anual
Coordinación (Zona Norte)	14.100,96 €		4.688,52 €	18.789,48 €
Coordinación (Zona Sur)	14.100,96 €		4.688,52 €	18.789,48 €
Técnico (Zona Norte)	6.013,68 €		2.082,96 €	8.096,64 €
Técnico (Zona Sur)	6.013,68 €		2.082,96 €	8.096,64 €
	40.229,28 €		13.542,96 €	53.772,24 €

5. Anexos ao programa:

5.1 ANEXO I – VALORACIÓN DO PROFESORADO

Enquisa de valoración do seminario recibido



Especialidade: Infantil (0-3) ☐ Infantil (0-6) ☐ Primaria ☐ Especial ☐ Secundaria ☐

¿Coñecías as estatísticas de prevalencia de ASI antes desta xornada? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, ¿onde as coñeciches?

¿Realizáronse actividades de prevención de violencia sexual infantil no seu centro?

Sí ☐ Non ☐

¿Coñecías os indicadores de Abuso sexual infantil antes desta xornada? Sí ☐ Non ☐

¿Pensas utilizar o material de prevención cos teus alumnos/as? Sí ☐ Non ☐

¿Saberías que facer no caso de que algún dos túas alumnas ou alumnos che contara que é vítima de VSI? Sí ☐ Non ☐

Cres necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de abuso sexual infantil? Sí ☐ Non ☐

Satisfacción coa xornada

Dominio do formador/a sobre a materia:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Necesidade da realización desta xornada:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Satisfacción xeral coa xornada:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Observacións e comentarios



ANEXO II –VALORACIÓN DAS PERSOAS QUE FORMAN O EQUIPO TÉCNICO DO
PROGRAMA

Rexistro e valoración das persoas que forman o equipo técnico do programa

Data:

Nome do Centro:

Poboación:

Nº de asistentes:

Interese e participación: (Moi alto, Alto, Regular, Baixo, Moi Baixo)

Observacións:

